

Comité Provincial Seguridade Saúde Nº 342 - 26 de novembro de 2009

1.- Actas: apróbanse as actas 339, 340 e 341.

2.- Accidentes: en telefónica houbo un accidente en setembro e outro en outubro, nas contratas houbo dous en setembro e outro en outubro. Neste punto coméntase que algunhas contratas están a dar moi pouca información sobre os accidentes, dende a CIG facemos constar que as contratas deben informar se hai baixa do traballador cando sucede un accidente laboral, neste momento só unha delas está a informar como é debido.

3.- Comentarios Actas CCSS, Subcomisión de Incendios e Grupo de denuncias Edificios, Escadas e Planta Exterior: Comentarios Actas CCSS 399 e 400. Resaltamos o seguinte:

Pídese información sobre as fontes de auga nas centrais de Telefónica, tamén se comentan as probas piloto das escadas de fibra (de extensión e de abonados) e a situación da distribución do vestiario. Dende a CIG preguntamos se había resultados da proba piloto das escadas en Vigo, a Técnico reponde que non ten datos, tamén preguntamos se o vestiario se está entregando en tempo pois houbo traballadores que expresaron as súas queixas, e se están a entregar toallas aos traballadores que as precisan. A empresa confirma que o vestiario está chegando tarde e sobre as toallas din que se están entregando pero o caso é que o ano pasado non se entregaron.

Na acta 400 confirman que substituirán as fontes de auga “canaletas” por outras (“Agua Viva”), tamén se pide información sobre os traballos de substitución e ampliación de baterías. Neste CCSS dáse resposta ao escrito enviado dende o CPSS da Coruña onde indicabamos que a información sobre a gripe A era moi deficiente e non se estaba a repartir o material para o coidado da hixiene, a resposta do CCSS é que a información está en edomus e que a distribución do material debe resolverse a nivel provincial.

Comisión de Incendios: o responsable de Seguridade e Protección informa que debido ao cambio na estrutura territorial aínda non houbo reunión da Comisión de Incendios.

Grupo de denuncias: sobre as revisións das escadas, neste semestre aínda están moitas sen revisar polo que terán que incrementar o ritmo das revisións para pechalas a tempo. Neste punto o responsable de Operacións Locais fai un resumo das deficiencias, nótase un incremento das que están sen resolver e dá a impresión de que lonxe de arranxar o que está a pasar é que se amorean as deficiencias ao non resolver boa parte delas.

4.- Puntos Pendentes: nesta cuestión podemos ver que pasa con algunhas deficiencias:

CT Hércules: as obras da planta baixa están case rematadas, estanse acondicionando unhas instalacións, que serían nun principio para persoal de móbiles, polo visto non virán para aquí e seica se repartirán entre Riazor e Montño.

Oleiros – Perillo: a cuestión do alumeado de emerxencia da galería de cables que non cumpre a normativa, detectado na avaliación de riscos, segue sen solución. O presidente quedara en elevar a cuestión ao CCSS se non se arranxaba pero como semella que agora aparece un presuposto quere dar máis tempo. Este é un exemplo de como estas cuestións se enquistan meses e anos por non gastar os cartos a área que lle corresponde, non é de recibo que cuestións que afectan á seguridade dos traballadores se traten deste xeito. Dende a CIG denunciemos unha vez máis o retraso, teremos que tomar outro tipo de decisións se o CPSS non é quen de facer respectar a norma en canto a seguridade.

CT Espiño: nos aseos do terceiro andar seguen os cheiros, polo visto inmobiliario está a facer un estudo, hai ano e medio que se denunciou esta cuestión e seguen enredando para non darlle solución, outra mostra máis de como actúan algúns departamentos nestes temas.

CT Hércules: queixas polo aire acondicionado, tamén ven de anos atrás, son as mesmas queixas que hai en Espiño e Montiño. As máquinas do aire xeran moitas correntes que causan molestias e baixas por enfermidade a moitos traballadores. Tampouco semella que esta cuestión teña solución, están a darlle voltas e máis voltas, inmobiliario di que se pode probar a instalar uns pequenos humidificadores para ver se mellora algo a cuestión do aire acondicionado.

CT Montiño: obras do ARI (almacén), polo visto están rematadas e só falta que veña o persoal de Pocomaco para a central de Montiño. No RP desta central cambiouse de sitio o interruptor das luces, estaba mal situado e non se atopaba facilmente cando se accede á instalación, aínda agora non está moi ben e están estudando a posibilidade de instalar un detector de presenza.

CT Espiño: no RP fíxose unha ampliación e non se dotou a esta zona de alumeado, ten que facerse unha denuncia para que agora se instale cando debería estar posto cando se fixo a obra de ampliación.

Alumeado de Emerxencia: hai detectadas máis de 60 deficiencias deste alumeado en centrais de Telefónica, esta tamén é unha cuestión que ven de moi atrás. O tema xa foi ao Comité Central de Seguridade e Saúde e xa volveu, seica non é cuestión deles e debe resolverse aquí no CPSS da Coruña. Hoxe volvemos outra vez co tema pois non están arranxados nin o 25% das instalacións. O responsable de inmobiliario di que teñen varios presupostos máis pero que como moito estarán rematadas as obras en cinco anos (de seguir a este ritmo), está claro que o CPSS non é quen de darlle solución a este tema polo que haberá que abordar a cuestión noutro ámbito.

Había una pregunta na reunión anterior sobre se TEX Digital, a contrata que fai os traballos de O+M, está a cumprir os acordos sobre traballos acompañados. Quedara a empresa en dar resposta nesta reunión e o que nos di é que non, que este acordo só afecta aos OTPI pero as contratas teñen outros acordos e non inclúen este.

CT O Burgo: a medición fora de límites de CO na sala de baterías foi un falso positivo, o responsable de Operacións Locais informa que os medidores poden fallar á hora de medir niveis ao non diferenciar os gases, neste caso sería un alto nivel de hidróxeno por estar cargando as baterías nese momento pero non de CO, haberá que mirar algo máis pois quedannos algunhas dúbidas ao respecto.

CT Inferniño: en maio dende a CIG denunciámos que entraba auga do tellado no segundo andar, pasou o verán e nada se fixo, coas choivas destes días a auga pasou do segundo andar ao primeiro e incluso á planta baixa, afectando a algúns equipos. Agora van a facer unha obra para arranxar as pingueiras, se tivesen feito o arranxo cando fixemos a denuncia terían aforrado cartos e evitarían avarías pero as cousas sonche así nesta empresa.

5.- Puntos Novos: neste punto o Presidente le un escrito asinado por todos os delegados de prevención solicitando de novo que se faga a avaliación de Riscos Psicosociais en Negocios e Profesionais, a Técnico de prevención informa que se fará en decembro e para todo o persoal de Hércules, tamén para Residencial.

Tamén le un escrito entregado pola CIG onde solicitamos que se informe de como traslada a empresa a información que lle facilitan os organismos competentes sobre as alertas meteorolóxicas ao cadro de persoal, os responsables non son quen de dar unha resposta e quedan en consultar a cuestión e dar resposta na seguinte reunión.

Dende a CIG denunciámos que se está a instalar equipos de probas nos RP sen que se deixe espazo suficiente para poder acceder a eles, cando se avarían, o acceso coa escada é moi complicado e pon en risco a seguridade dos traballadores, poñemos o exemplo de Espiño pero hai máis.

Volve a falarse da centraliña de incendios de Montiño, están a rematar de facer a instalación pero quedará pechada nun armario e non semella a mellor ubicación. Tamén se fala de que os gardas de seguridade nas quendas de tarde e noite están solos, en caso de atoparse mal ou ter un accidente, ninguén pode entrar na sala de control para darlles auxilio, o responsable de Seguridade di que poñerá un papel cos teléfonos aos que chamar nunha situación semellante, non sería máis axeitado poder entrar directamente?. Seica son as cousas da seguridade nun edificio estratéxico...